

BANDO INFORMATIVO

PECHE INSTALACIONES MUNICIPALES E SUSPENSIÓN DAS FEIRAS

Ponse en coñecemento de todos os veciños e veciñas así como da poboación en xeral, que esta Alcaldía, ven de ditar a seguinte Resolución, en relación coas medidas adoptadas con motivo do segundo gromo de COVID-19 confirmado neste Concello:

“Confirmado polo SERGAS da Xunta de Galicia un segundo gromo de COVID-19 neste Concello de Viana do Bolo, acadándose un total de 21 casos positivos confirmados, e en exercicio das atribucións outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dende o día da data e até novo aviso,

DISPOÑO

PRIMEIRO. A suspensión da apertura ó público da **Casa da Cultura**, a **Sala de Exposicións**, os **Parques infantís**, e mais as **Piscinas Municipais**.

SEGUNDO. A suspensión da celebración das feiras e mercados no Concello de Viana do Bolo.”

O que se fai público para xeral coñecemento en Viana do Bolo, a 26 de agosto de 2020.

O Alcalde, Secundino Fernández Fernández.
Asinado dixitalmente á marxe.